




BOSQUE DA FERVENZA entre o Miño e o Neira


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 5 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 2 a 3 horas.



Unha pequena ruta cómoda e agradable que discorre pola beira do Miño entre carballeiras e bosques de ribeira, nunha área de gran diversidade biolóxica incluída no **LIC Miño-Neira** e na **Reserva da Biosfera Terras do Miño**. Un paseo para facer en calquera época do ano, para gozar coas cores do outono, o ferver da auga no inverno, as cores e diversidade de vida da primavera ou as sombras e o baño no verán.

O bosque da Fervenza é unha formación autóctona que o río anega periodicamente onde podemos atopar carballos monumentais, amieiras de bo porte (aínda que moi afectadas pola praga do fungo *Phytophthora alni*), freixos, salgueiros e unha variada flora e fauna característica das ribeiras húmidas e do bosque.

PERCORRIDO:
Déixase o vehículo no aparcamento das proximidade da casa rural da "Fervenza" (á que nos achegamos dese Lugo, Sarria, Guntín...) e comézase a camiñada. Podemos seguir o camiño principal ou facer diversas derivacións que nos internan no bosque ou nos achegan ao río. Ao atoparno co río Neira emprendemos o camiño de volta.


Desde A Fervenza pódese facer unha ruta de 15 km ata Lugo seguindo o Miño.



Muíño da Fervenza



As augas do Miño énchense coas cores brancas dos ranúnulos na primavera.



Salgueiro de 2,70 m de perímetro.



Amieira (ameneiro) de 4,45 m de perímetro. Unha das vítimas das pragas dos fungos.



Amieira (ameneiro) de 3,76 m de perímetro.



Bosque da Fervenza



Carballo de 5,63 m de perímetro no acceso á Fervenza.



Carballo de 4,18 m de perímetro no acceso á Fervenza.



Escaravelo da madeira (*Dorcus parallelipedus*)



Carballo de 4,10 m de perímetro no bosque da Fervenza.